

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 13 de xullo de 2018 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2017/18.*

BDNS (Identif.): 409137.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que cursou, durante o ano académico 2017/18, cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, que estea proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria e mereza un especial recoñecemento pola dedicación e esforzo demostrados ao longo da etapa en superar as súas dificultades de tipo persoal, educativas e/ou do contorno familiar e sociocultural.

Segundo. *Obxecto*

Convocar na Comunidade Autónoma de Galicia os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2017/18.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 13 de xullo de 2018 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2017/18.

Cuarto. *Importe*

Vinte (20) premios cunha dotación total de 15.000 euros, que non poderán exceder os 750 euros por premio.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 22 de agosto de 2018 e rematará o día 21 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

